

OBRADOIRO DE CREACIÓN LITERARIA

Lugar do obradoiro e participantes

O obradoiro realizouse no CEIP “O Cruceiro” de Vilalonga-Sanxenxo con 19 alumnas/os de sexto curso de ensino primario dese centro escolar, que son os que se detallan no listado:

ALUMNOS/AS

1. ABALDE MORAÑA, IVÁN
2. BARBEITO TORRES, ÁLVARO
3. BUEZAS CAMIÑA, CRISTIAN
4. CAMIÑA PADÍN, LUCÍA
5. DOPAZO FERNÁNDEZ, ÁLVARO
6. FERNÁNDEZ VILAR, ANA
7. GONZÁLEZ PADÍN, VANESA
8. GRANDAL OTERO, ALEXANDRE
9. DE JESÚS PEREIRA, NATHALIA CRISTINA
10. MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, SAÚL
11. MOLDES FERNÁNDEZ, ELENA
12. NÚÑEZ DOMÍNGUEZ, VANESA
13. PADÍN FERNÁNDEZ, ÁLVARO
14. PADÍN GONZÁLEZ, ADRIÁN
15. REY RODRÍGUEZ, CHRISTIAN
16. ROSAL PADÍN, ADRIÁN
17. TACÓN BUEZAS, PAOLA
18. VARELA LÓPEZ, M^a DOLORES
19. VÁZQUEZ PÉREZ, MARCOS

PROFESOR TITOR: XOSÉ MANUEL SANTIAGO RIBADULLA

Guión das actividades

As actividades do obradoiro de creación literaria realizáronse durante os cinco últimos mércores do período lectivo do curso escolar 2007-08 (Maio e Xuño) durante dúas horas lectivas consecutivas en cada unha das ocasións, realizando tamén os alumnos/as traballo individual na casa, segundo as indicacións recibidas en cada caso. Traballos que eran lidos en alto e discutidos ao comezo de cada unha das sesións. Os detalles esenciais de cada unha das sesións son os que seguen:

Sesión I

Na primeira das sesións, partimos do xornal do día, dado que os rapaces e rapazas estaban traballando dentro do programa de prensa na escola, para abordar as diferenzas entre a escrita xornalística e a escrita literaria, centrándonos na narrativa. Distintas noticias foron comentadas e discutidas como fonte de argumentos para contos ou novelas. Seleccionadas varias (un home que sorteia o seu piso, un accidente de construción, a venda millonaria dun xogador de fútbol...) pasouse a relacionalas mediante posibles tramas argumentais.

Nunha segunda etapa, seleccionouse un dos argumentos aportados polos alumnos/as para introducir os elementos técnicos da narrativa: punto de vista narrativo, personaxes, estrutura temática, etcétera. Finalmente, distribúese fotocopiado un dos textos (un anuncio anodino de xornal), de que parten os relatos do libro “Contos por palabras” de Agustín Fernández Paz. Sobre el como base argumental, animouse a redactar un breve conto a cada alumno/a, en poucas liñas. Unha vez que se leron en alto, confrontáronse co conto do autor citado: “A chave da felicidade”. Finalmente, como exercicio para a casa, propuxemos a escrita dun conto semellante sobre outro anuncio de xornal distinto.

Sesión II

Na seguinte sesión, discutíronse os contos elaborados por os alumnos/as sobre a base do anuncio proposto ao final da sesión anterior, titulado “Grupo inforexpress”. A continuación, traballouse un texto do relator do obradoiro, extracto do seu libro “Ameaza na Antártica”, escollido pola súa relación co anterior (a trama detectivesca), pedíndoselles que continuaran o texto interrompido, do que só se deu o comezo do capítulo. Neste caso, traballouse máis o estilo indirecto (diálogos do personaxes), que foran menos tratados na sesión anterior.

A proposta dun dos alumnos, fíxose a mesma actividade, “inventa ti o final do conto” co relato “O narís de Pinocho”, segundo texto do libro “Xogos de Fantasía” de Gianni Rodari, aportado polo alumno Alex Grandal. Tras discutir os finais propostos por cada un dos participantes no obradoiro, pasamos aos tres posibles finais aportados por Gianni Rodari no propio libro, e valoráronse os tres desde o punto de vista da coherencia intrínseca do relato. Finalmente, leuse a proposta final do autor do relato. Tamén se fixo un coloquio sobre as preferencias lectoras dos alumnos/as participantes, saíndo unha clara orientación cara o relato fantástico (dragóns, bruxería) polo que se decidiu dedicar unha das sesións restantes a este xénero.

Sesión III

Para evitar a insistencia excesiva na narrativa, e dada a idade dos participantes, a terceira das sesións adicouse á poesía. Tras un breve coloquio sobre a poesía lida por eles, pasouse a falar do libro “Roseira do teu mencer” de Xosé María Álvarez Blázquez, a que se adicou este ano o día das letras. Tras un repaso da súa vida, e a presentación do libro e do seu ilustrador, pasaron a ler o primeiro dos poemas seleccionados: “Pola fiestra”, sobre el localizáronse distintas figuras literarias, rítmicas e metafóricas. A continuación, cada alumno/a elaborou un poema propio semellante ao proposto, sempre sobre a mesma base metafórica: Lúar =Animal.

Fixéronse, tras a lectura das creacións anteriores, novas actividades que seguiron o mesmo esquema de traballo sobre outros dous poemas do citado libro: “O año pitaño”, e “Voa maruxiña”, no último dos poemas pedíuselles especificamente que traballasen sobre o léxico galego dos paxaros. A participación foi entusiasta, dada a moi axeitada adecuación deste libro aos participantes.

Sesión IV

Esta sesión comezou coa proxección dunha película, a curtametraxe “A ruta natural” (2005) de Lux Pastor, o argumento desta fita é moi interesante: na vida do personaxe principal, o narrador da historia, o tempo transcorre ao revés. Dadas as semellanzas desta película co argumento xeral do relato “O neno suicida” do libro “Dos Archivos do Trasnó”(1926) de Rafael Dieste, discutíronse as semellanzas e diferenzas entre o filme e o relato literario: puntos de vista, personaxes, comezo do relato, final...

Nunha segunda parte da sesión, léronse e discutíronse varios contos fantásticos elaborados polos participantes dun dos obradoiros impartidos en cursos anteriores. Puxéronse de relevo as coincidencias técnicas entre relatos de distinto argumento (identificación do cotián como punto de partida inicial, rotura da normalidade por un determinado elemento fantástico, volta á situación inicial). Discutíronse os obxectivos da narrativa, como a transmisión dunha mensaxe simbólica, no conto tradicional e no conto literario, axeitando esta discusión á idade dos alumnos/as. Finalmente, propúxose a elaboración dun relato fantástico de tema libre por cada un dos participantes como traballo para a casa.

Sesión V

A última sesión adicouse á lectura e discusión dos relatos fantásticos feitos durante a semana por cada un dos alumnos/as. A segunda parte da sesión consistiu nun coloquio sobre o libro da miña autoría “Perigo vexetal” lido polos alumnos/as en paralelo coas sesións do obradoiro. Este libro empregouse para recapitular os distintos aspectos técnicos (construción do argumento, estrutura, personaxes, aspectos formais, etcétera) tratados durante o decurso do obradoiro.